



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIÓCESE TUI-VIGO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN CRISTOVO DE CANDEÁN E FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAS NO TEMPLO ENTRE XULLO E SETEMBRO 2018. EXPTE. 7803/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/07/18 e o informe de fiscalización do 19/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/18, asinado polo xefe de Participación cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda , que di o seguinte:

I. Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 6 de novembro de 2017 (DOC. 170152448), o Párroco de San Cristovo de Candeán, en representación da Diocese de Tui-Vigo, solicita a subscripción dun convenio de colaboración para afrontar os gastos das obras de reparación que precisa o inmoble ofrecendo o uso gratuíto de parte das dependencias parroquiais ao Concello de Vigo.

II. Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial, sectorial como confesional. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, confesionais, etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 1 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario, socioculturais e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

III. Consultado o catálogo de Bens Culturais do PXOM-08 (vixente ao abeiro do disposto no apartado 4 do artigo 31 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia), consta ficha específica A_167 que protexe o conxunto de edificios que conforma o Conxunto parroquial de San Cristovo de Candeán formado polo templo, adro, casa reitoral, casa da obra, cruceiro, palco da música e cemiterio histórico, cun nivel de protección integral. O devandito inmovible é propiedade da Parroquia Eclesiástica de San Cristovo de Candeán segundo as certificacións do chanceler-secretario do Bispado de Tui-Vigo incorporadas ao expediente.

Ao tratarse dun inmovible catalogado co nivel de protección integral, as obras están suxeitas ao deber de obtención con carácter previo da preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio ao abeiro do disposto no artigo 39 da Lei 5/2016 que establece que as intervencións que se pretenden realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu caso, no seu entorno de protección ou na súa zona de amortiguamento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións establecidas nesta lei.

Examinada a documentación achegada xunto coa solicitude, constan unicamente autorizadas mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017 e autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017 **as obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa**, conforme aos documentos e informes obrantes no expediente 91.284/421, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017 e **cun orzamento de execución de 13.100 €.**

IV.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. E na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo, poida acometer as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017, aceptando o ofrecemento que lle fai a Parroquia de San Cristovo de Candeán para fomento das actividades culturais no templo, mediante a celebración de representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués.

Aos efectos de asumir os compromisos recollidos no convenio:

Os custos destas obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa por importe de 13.100 €, realizaranse con cargo á partida 9240 7800000 PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS dos vixentes orzamentos municipais do 2018.

A xustificación desta axuda de concesión directa á Parroquia de Santo Cristovo da parroquia de Candeán, Diocese de Tui-Vigo, realízase tendo en conta os custes do orzamento de execución das obras autorizadas mediante licenza municipal, previa autorización da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, en aras de coadxuvar á conservación dun ben do patrimonio cultural que se localiza no ámbito territorial do Concello de Vigo, e contribuir á difusión, ao fomento do seu valor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 2 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

cultural, e ao disfrute dos veciños da parroquia de Candeán e da cidade de Vigo, como medida de fomento da participación cidadá e das actividades de índole cultural.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, como órgano competente, emitirá informe a Intervención Xeral do Concello para verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

V.- Tendo en conta o disposto no artigos 28.1 da LXS e no 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG) o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei, polo que os asinantes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa parroquial de San Cristovo de Candeán dispoñendo do templo para celebrar representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués, o que permitirá o fomento do coñecemento do patrimonio histórico-artístico por parte da cidadanía viguesa.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

V.- A Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, confesional para a cidade, o Concello de Vigo e a beneficiaria subscriben o presente convenio coa finalidade de promoción da información e participación cidadá á que se refire o capítulo V, artigos 251 e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 3 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e, no marco das materias competencia do Concello segundo os artigo 72 e 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, que atribúen ás Administracións municipais competencia propia, en materia de promoción da cultura, e equipamentos culturais e de ocupación do tempo libre.

Polo anteriormente exposto e nos termos e condicións do informe da Intervención Xeral Municipal elévase á Xunta de Goberno Local, proposta de adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto de convenio que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e Parroquia de Santo Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo, con CIF: R3600056J, para financiamento das obras de conservación da igrexa parroquial e fomento de actividades culturais no templo.
2. Autorizar o gasto de 13.100 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración referido aos custos das obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa, con cargo á partida 9240 7800000 PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS, do orzamentos municipais de 2018.
3. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A DIOCESE DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN CRISTOVO DE CANDEAN E FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEMPLO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Luis Martínez Lorenzo, vicario xeral da Diocese de Tui-Vigo, con NIF R-3600056-J, e domicilio en Rúa Corbal, 90 - 36207, Vigo. En diante "Diocese" ou "cedente".

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 4 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

MANIFESTAN

I.- Que o Párroco de San Cristovo de Candeán, en representación da Diocese de Tui-Vigo, solicitou, a través de escrito con rexistro de entrada do día 6 de novembro de 2017 co n.º de rexistro 170152448, a subscripción dun convenio de colaboración para afrontar os gastos das obras de reparación que precisa o inmovible ofrecendo o uso gratuíto de parte das dependencias parroquiais ao Concello de Vigo.

II.- Que conforme ao previsto pola lexislación vixente, *Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.*

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial, sectorial como confesional. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, profesionais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario, socioculturais e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

III.- *Que segundo consta na ficha específica A_167 do catálogo de Bens Culturais do PXOM-08 o Conxunto parroquial de San Cristovo de Candeán está formado polo templo, adro, casa reitoral, casa da obra, cruceiro, palco da música e cemiterio histórico, cun nivel de protección integral. O devandito inmovible é propiedade da Parroquia Eclesiástica de San Cristovo de Candeán segundo as certificacións do chanceler-secretario do Bispado de Tui-Vigo incorporadas ao expediente.*

IV.- *Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. E na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo, poida acometer as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017, aceptando o ofrecemento que lle fai a Parroquia de San Cristovo de Candeán para fomento das actividades culturais no templo, mediante a celebración de representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 5 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Que tendo en conta que dacordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei, os asinantes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa parroquial de San Cristovo de Candeán dispoñendo do templo para celebrar representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués, o que permitirá o fomento do coñecemento do patrimonio histórico-artístico por parte da cidadanía viguesa.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VI. Que, en base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, confesional para a cidade, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocultural e de participación no coñecemento do patrimonio da cidade e a participación nas actividades de difusión do mesmo e, no marco das materias competencia do Concello segundo o disposto nos artigos 72 e 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ambas as partes, subscriben o presente convenio de colaboración de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do presente convenio.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actuacións subvencionadas.
4. Que se abonen as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentar ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 6 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O CONCELLO DE VIGO comprométese a:

- Conceder directamente á Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo unha subvención por importe de 13.100 € (trece mil cen euros), con cargo a partida orzamentaria 9240 7800000 PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS, dos orzamentos municipais de 2018, para as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa conforme ao orzamento de execución segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017.

- Respetar a estrutura organizativa da Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo.

· O Concello informará á Parroquia cunha antelación mínima de 10 días naturais da súa intención de realizar algunha actividade ou evento en particular, para o que se coordinará o uso previsto con quen resulte ser o párroco en cada momento. Os eventos culturais conveniados, en ningún caso poderán atentar contra os principios da moral católica, e respectando sempre a programación litúrxica da parroquia de San Cristovo de Candeán.

Terceiro.- O Concello está facultado para:

- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, da adecuación do gasto ao valor de mercado.
- Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto na cláusula novena, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os xuros de mora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade das obras obxecto do convenio, tal e como se establece na cláusula novena.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, do 21 de xullo, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter confesional e social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións.

Quinto.- En virtude do disposto no art. 19.2 Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 7 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos 19.3 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

Séptimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade á sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente do local parroquial, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das obras recollidas no convenio.

Noveno.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 01/10/2018, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos con cargo aos orzamentos do ano 2018.

O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Parroquia de Santo Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **1 de outubro de 2018**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 8 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>; e conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:
 - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
 - No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
 - Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica da conta xustificativa que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o nome ou razón social da empresa, concepto facturado, o número de CIF/NIF, o número de factura, a data, a base imponible, o IVE e/ou IRPF, no seu caso, e importe total. Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE).

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais, **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 9 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais, que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, número de documento, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 10 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 da LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2018, no período comprendido entre o 01/07/18 e o 30/09/18.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 11 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Décimo sexto.- Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- MODIFICACIÓNS DO PRESENTE ACORDO.

Calquera modificación dos termos pactados requirirá o consentimento expreso de ambas as dúas partes.

Décimo oitavo.- RESPONSABILIDADES

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver accións previstas no mesmo e a cedente, de tal modo que non se pode esixir á cedente ningunha responsabilidade, nin directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Para ese efecto a cesionaria obrígase a subscribir as oportunas pólizas de responsabilidade civil que cubran as contingencias que no seu caso se poidan producir na superficie obxecto de cesión, incluíndo as incidencias derivadas da execución das obras, obrigándose a cesionaria a deixar indemne á cedente en todo caso.

Décimo noveno.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para facilitar a verificación, a coordinación, e o cumprimento do presente Convenio, así como para autorizar as actuacións que se realicen no espazo cedido e resolver as cuestións que poidan xurdir ao longo da súa vixencia, crearase unha Comisión paritaria de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes, cuxos compoñentes serán designados por cada parte. As persoas inicialmente designadas poderán ser substituídas en calquera momento da vixencia deste Convenio, previa comunicación por escrito desta circunstancia á outra parte.

2. A Comisión de seguimento constituirase no prazo de trinta días seguintes á firma do presente Convenio. O funcionamento da Comisión de seguimento rexerese polo establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, actuando de Secretario un/unha funcionario/a do Concello, con voz pero sen voto.

3. Para cantas notificacións sexan necesarias para dar cumprimento ao presente Convenio, as Institucións asinantes formalizarán as súas comunicacións mediante notificacións electrónicas. O teléfono e o correo electrónico servirán exclusivamente para consultas de seguimento. Os mesmos medios de comunicación serán utilizados polos membros da Comisión de Seguimento no desempeño das súas funcións.

Vixésimo.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

- Por mutuo acordo, manifestado por ambas as partes por escrito.
- Por terminación do prazo de duración pactado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 12 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Por incumprimento das obrigacións contidas neste convenio, moi especialmente as relativas ás condicións de uso acordadas.

Vixésimo primeiro.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A entidade beneficiaria presta expresamente o seu consentimento para o tratamento dos seus datos e os do seu representante, que serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria e non será cedida a terceiros.

Os datos facilitados pola entidade beneficiaria serán conservados o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais, ou ben, a entidade solicite a supresión dúas mesmos.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, limitación, portabilidade e a presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente, ante o Concello de Vigo, a través da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo cuarto.- *O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.*

E en proba de conformidade das partes asinan o presente documento por duplicado no lugar e data que consta no encabezamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 13 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo Concello de Vigo: O Alcalde, Abel Caballero Álvarez	Pola Diocese de Tui Vigo O vicario xeral da Diocese de Tui-Vigo D. Juan Luis Martínez Lorenzo,
--	--

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/xs

V. e Pr.

O SEGUNDO TTE ALCALDE (RA 17/07/18)
Francisco Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 04:57	Páxina 14 de 14
SUBVENCIONS	CSV: A2AC41-5EE5D5-A6ED8F-8PTCED-JFBPUQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		